



CONCELLO DE COTOBADE

Chan, 11 – Carballedo 36856 COTOBADE (Pontevedra) Telf. 986 76 00 01 – Fax. 986 76 01 30

Decreto da Alcaldía do 11 de decembro de 2014

Visto o expediente en trámite para a contratación do servizo denominado “Servizo de prevención alleo comprensivo das especialidades de seguridade no traballo, hixiene industrial, ergonomía e psicosocioloxía aplicada e medicina no traballo”.

Vista a resolución desta Alcaldía de data 24.11.2014, na que se aproba o prego de cláusulas que elixe como sistema de selección do contratista, ó procedemento aberto e coa tramitación urxente, optando pola celebración de mesa de contratación coa seguinte composición:

“13.Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación estará integrada de modo seguinte:

Presidente: O da Corporación, ou membro en quen delegue

Vogais:

Un representante do grupo municipal do PSOE

A Interventora de fondos do Concello

O Secretario do Concello

Secretario: Un funcionario adscrito ao Departamento de Secretaría.”

Rematando o prazo de presentación de ofertas o día 05.12.2014, e visto o previsto na cláusula 12 do prego, e en uso das facultades que me confire a normativa vixente, esta Alcaldía,

RESOLVE:

1.Convocar Mesa de Contratación encargada da avaliación das ofertas presentadas polo licitadores coa seguinte composición:

Presidente: D. Jorge Cubela López (Alcalde do Concello de Cotobade)

Vogais:

-D. Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor (Secretario da Corporación)

-D. Sonia David Cortegoso (Interventora da Corporación)

-Dna. M^a Lina Garrido Garrido (portavoz do PSdG-PSOE)

Secretario: D^a Jeanett López Fernández (funcionaria da Corporación)

2.A Mesa celebrará a súa sesión o vindeiro **luns 15 de decembro de 2014, a partir das 13.00 horas** no salón de sesións da Casa Consistorial.

3. Dar traslado da presente ós membros da Mesa de Contratación, aos licitadores presentados e publicar no Perfil do Contratante.

4. Dar conta ó Pleno Corporativo na primeira sesión ordinaria que celebre.

Cotobade 11 de decembro de 2014

O alcalde

Jorge Cubela López

O secretario

Miguel Rodríguez de Vicente-Tutor